

Acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia e Renfe Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, SA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou con Renfe Viajeros Sociedad Mercantil Estatal SA, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangueu dende o 16 de maio ata o 17 de maio de 2018.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto establecer os elementos necesarios para o desenvolvemento das accións encamiñadas á divulgación da cultura e lingua galegas, con ocasión da celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio de 2018, nos trens e servizos de Renfe Viajeros fomentando tamén o uso deste transporte público para desfrutar da axenda cultural que desenvolveu en diferentes localidades galegas. As accións que realizou Renfe, o Día das Letras Galegas foron as seguintes:

- Exposición dos carteis gañadores do Concurso das Letras Galegas 2018, correspondentes á categoría de educación secundaria, nos espazos de información ao viaxeiro que Renfe Viajeros ten asignado nas estacións.
- Impresión dos repousacabezas coa imaxe institucional do Día das Letras Galegas 2018 da Xunta de Galicia para expoñer nos trens de alta velocidade, serie 121, que fan os servizos avant e MD nos corredores A Coruña-Santiago de Compostela-Vigo/A Coruña-Santiago de Compostela-Ourense.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentou no seguinte



De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes deste acordo manifestaron a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades, privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega coa finalidade de desenvolver iniciativas conxuntas de dinamización da lingua galega dirixidas á sociedade galega en xeral e, deste xeito, lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos, servizos e recursos lingüísticos en galego que permitan a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolveron ao abeiro do acordo e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resultou posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no acordo.



Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 8 de xuño de 2018.

